

O Apalpador é un carboeiro pobre cuxas únicas propiedades son un castiñeiro e un magosteiro. A súa grande preocupación é conseguir que os cativos non lle rouben as castañas. Ata que un día se lle presenta na coarboaría unha velliña atarecida de frío e de fame. El, compadecido, ofrécelle teito e castañas do seu magosto. A velliña, que é unha meiga, ante a súa bondade, concédelle que quen toque o seu castiñeiro quede pegado para sempre nel, que a quen colla as castañas do chan o engula a terra e que quen meta a man no seu magosteiro quede dentro encarcerado. Deste xeito, o Apalpador conseguirá vecer a Morte.

O Gobernador do mundo, ao ver os efectos devastadores da desaparición da Morte, obrigará o Apalpador a ceibala. E o Apalpador ceibaraa, pero antes asegurárase de que a el non o toque xamais. Convertido nun ser inmortal, liberado da necesidade de comer, e vendo que as castañas se lle estragan todos os anos, decide repartírllelas aos nenos e ás nenas que pasan fame. Por iso, desde aquela, percorre o mundo apalpando as barrigas dos nenos e deixándolles unha presíña das castañas do seu castiñeiro a aqueles que a teñen baleira.